


1º Premio Infantil
Julia Helena Correa – 4 anos



1º Premio 3º-4ª Primaria
Amaia Tomé – 4ºD



1º Premio 1º-2ª Primaria
Alex Barral Suárez - 2º A



1º Premio 5º-6ª Primaria
David Boo Fariñas 5ºA

Boletín informativo
decembro 2008



Asociación de Nais e Pais de Alumnos
“ANPA BRIGANTIUM”
CEIP “FCO. VALES VILLAMARÍN”
Carregal nº 4
15300 – BETANZOS (A Coruña)

Gañadores do concurso
de Nadal 2008

Parabéns

Consulta o Blog da ANPA e ánimoate a
facer suxestións. Prometemos atendelas
Blog: <http://anpabrigantium.blogaliza.org/>
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

AS VANTAXES DA MENTE BILINGÜE

O cerebro dos bilingües é funcional e estruturalmente distinto ao dos que só manexan unha lingua. Máis rápido para determinadas tarefas, con máis substancia gris e cun sistema específico para impedir interferencias; estas son as conclusións de varios traballos de investigación publicados nos últimos anos.

Unha cuestión de peso...

Hai pouco publicouse un dos traballos máis sorprendentes sobre este bífido tema, no que se concluíu que coa experiencia de adquirir a segunda lingua prodúcense modificacións na estrutura do cerebro. Aumenta a densidade de certas zonas da códea cerebral e ademais parece que a densidade é maior nos casos de aprendizaxe temperá da segunda lingua; aprender de vellos é menos eficaz para gañar substancia gris.

...de organización

Se se aprende unha segunda lingua na idade adulta, cada unha das linguas procésase de maneira independente, en rexións do cerebro separadas. Curiosamente, as persoas que aprenden as linguas cando son nenos non precisan desta disociación, como se o cerebro infantil tivese máis recursos para meter todo no mesmo saco, sen que salten chispas polo cruzamento de cables.

...e de velocidade

Mais isto non é todo. Outro descubrimento recente conclúe que as persoas bilingües son máis rápidas realizando determinadas tarefas cognitivas e que esta vantaxe se fai máis evidente coa idade, de tal xeito que se suxire que o bilingüismo é unha protección moi eficaz contra a deterioración mental. Pois iso,

As vantaxes da mente bilingüe está extractado dun artigo de divulgación científica de Xurxo Mariño, neurofisiólogo da UDC. Publicado no libro "Po de estrelas" (<http://www.culturagalega.org/>)

Sabías que ...

.... a declaración de utilidade pública para a expropiación dos terreos da galescola e centro de infantil publicouse no BOP hai xa mais de ano e medio (o 17 de abril de 2007)

.... a Lei so permite un máximo de 25 alumnos por aula e que no caso de 4º de Primaria hai ata 27 porque a Consellaría de Educación decidiu que os nenos/as repetidores son invisibles.

Agrup. Deportiva e Cultural Vales Villamarín

Neste primeiro boletín, a nova directiva da ADC Vales Villamarín, quere dar a coñecer ós pais e nais da bisbarra, unha breve pincelada sobre esta entidade, así como agradecerlle ó ANPA Brigantium a súa desinteresada colaboración na cesión de este espacio informativo, dentro do seu boletín.

A Agrupación, nace, alá polo ano 2002, dentro do CEIP Vales Villamarín, ante a preocupación de pais e nais, que deciden asociarse co obxectivo de fomentar as actividades deportivas e culturais sen ánimo de lucro, tendo como valor central de todas as súas actividades, a participación e o traballo en equipo.

Actualmente representa, a unhas 130 familias, 150 nenos/as que participan de 185 fichas deportivas e culturais, non só do CEIP Vales Villamarín e o Concello de Betanzos, senón que tamén acolle a nenos/as doutros concellos, como é o caso de Paderne, Coirós ou Bergondo, así como doutros colexios.

Como mostra das actividades que se están a desenvolver, o grupo de Teatro e Expresión Corporal da ADCVV, participa no Festival de Nadal do Colexio, coa obra "A outra Brancaneves". *Parabéns.*



Bo Nadal!, ¡Feliz Navidad!, Merry Christmas!